



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2025-10

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

23 de Maio de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:48

Hora de Finalización

14:09

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

### MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 30.04.2025 (ACTA 2025/9)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. APROBACION DOS PADRONS COBRATORIOS DO PRIMEIRO CADRIMESTRE DO 2025: DA TAXA DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA E DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr. alcalde pon en coñecemento dos concelleiros asistentes á sesión que polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en base ós datos facilitados polo Concello da lectura dos contadores correspondentes, confeccionáronse os seguintes padróns:

- Da **Taxa** do subministro domiciliario de auga potable no núcleo de Castrelo do Val correspondente ó **primeiro cadrimestre** do **2025**
- Do **Cánon** da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este Concello correspondente ao **primeiro cadrimestre** do **2025**.

Logo de examinar os devandito padróns, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

1º. Aprobar o padrón da Taxa por subministro de auga potable do **primeiro cadrimestre do 2025**, de data **maio do 2025**, que consta de **237** recibos, unha base impositiva de **2.378,22** euros, IVE por importe de **237,86** euros, e un importe total de **2.616,08** euros.

2º. Aprobar o padrón do Canon da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este concello, correspondente ao **primeiro cadrimestre do 2025** que ascende a **1.787,19** euros.

(O Concello de Castrelo do Val, en virtude do establecido no artigo 48 do Decreto 136/2.012, do 31 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o Regulamento do Canon da auga, está obrigado a repercutir e recadar dos seus abonados ao servizo de suministro de auga o Canon da auga, e autoliquidar o importe a Augas de Galicia.) Total Padróns cobratorios: **4.403,27** euros.

3º. Expoñer ó público por prazo de 15 días estes padróns, mediante anuncio que se publicará no **BOP** e que se exporá no taboleiro de edictos do Concello, para que durante este prazo poidan examinalo e formular alegacións contra o mesmo ás persoas interesadas.

4º. Período de pagamento voluntario: o prazo de cobramento en período voluntario destes padróns, será de **dous meses** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Ourense, e realizarase a través do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, situado na Rúa do Castro, 4. baixo. 32600 Verín (Ourense).

### 3º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DE NATUREZA URBANA DO EXERCICIO 2025.

Seguidamente pasouse a dar conta do padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza **urbana** do exercicio de **2025** confeccionado polo Ministerio de Hacienda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º. Aprobar o padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza **urbana**, para o presente exercicio de **2025**, nos termos nos que se atopa redactado.

2º. Expoñer ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

### 4º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DE NATUREZA RUSTICA DO EXERCICIO 2025.

Seguidamente pasouse a dar conta do padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza **rústica** do exercicio de **2025** confeccionado polo Ministerio de Hacienda.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

- 1º. Aprobar o padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza **rústica**, para o presente exercicio de **2025**, nos termos nos que se atopa redactado.
- 2º. Expoñer ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

### 5º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DE CARACTERISTICAS ESPECIAIS (BICES) DO EXERCICIO 2025.

Seguidamente pasóuse a dar conta do padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de **características especiais (BICES)**, do exercicio de **2025** confeccionado polo Ministerio de Hacienda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

- 1º. Aprobar o padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de **características especiais (BICES)**, para o presente exercicio de **2025**, nos termos nos que se atopa redactado.
- 2º. Expoñer ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

### 6º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA (IVTM) DO EXERCICIO 2025.

Seguidamente pasóuse a dar conta do padrón cobratorio do **imposto de vehículos de tracción mecánica** do exercicio de **2025** confeccionado polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios.

Debatido o asunto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

- 1º. Aprobar o padrón cobratorio do **imposto de vehículos de tracción mecánica**, para o presente exercicio de **2025**, nos termos nos que se atopa redactado.
- 2º. Expoñer ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

### 7º. CONVOCATORIA POLA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DO PROGRAMA DE COOPERACION BENOURENSE PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA SAF BASICO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2025.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da publicación no **BOP núm. 88, do 12 de maio de 2025**, das Bases reguladoras da convocatoria do Programa de Cooperación SAF Básico para o **exercicio 2025**, así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto que se presenta e para o cal se solicita subvención, a saber: "**SAF Básico municipal**".

**SEGUNDO.** Acordar a adhesión do Concello de Castrelo do Val ao Programa de Cooperación SAF Básico para o **exercicio 2025**.

**TERCEIRO.** Solicitar á Deputación Provincial de Ourense, ó abeiro da devandita convocatoria o financiamento do proxecto anteriormente sinalado.

**CUARTO.** Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

### **8º. APROBACION DE MEMORIA E SOLICITUDE DE ACTUACION A ASOCIACION MONTEVAL, GDR 9 DO LEADER. COFINANCIADAS POLO FEADER NO MARCO DO PLAN ESTRATEXICO DA PAC 2023-2027 (PEPAC) PARA O ANO 2025 (MT701L)**

O Sr. Alcalde da conta de que no DOG núm.82, do 30 de abril de 2025 publicouse a Resolución de AGADER, do 16 de abril de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2025 (MT701L)

Continúa explicando que ao abeiro de dita convocatoria de axudas do Programa Leader vaise solicitar ao GDR 9 ASOCIACIÓN MONTEVAL unha, para o financiamento da actuación proxectada "**Parque de calistenia en O Terrón, en Castrelo do Val**".

Tralo que, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a memoria das actuacións para a que se solicita subvención, a saber: "**Parque de calistenia en O Terrón, en Castrelo do Val**", de acordo có seguinte: Actuacións contempladas: Subministro e instalación de equipamento de calistenia na área recreativa de O Terrón.

**SEGUNDO.** Solicitar ao **GDR9 Asociación Monteval** o financiamento, na presente anualidade, da actuación que se dixo, ata o importe máximo de **23.876,52 euros**.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**TERCEIRO.** Aprobar a memoria das actuacións para a que se solicita subvención, a saber: "**Instalación de bancos en núcleos de Castrelo do Val**", de acordo có seguinte: Actuacións contempladas: Subministro e instalación de bancos en núcleos do concello.

**CUARTO.** Solicitar ao **GDR9 Asociación Monteval** o financiamento, na presente anualidade, da actuación que se dixo, ata o importe máximo de **5.009,40 euros**.

**QUINTO.** Aceptar, expresamente, as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na normativa reguladora das axudas; comprometéndose ao financiamento da parte non subvencionada do proxecto.

**SEXTO.** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura e xestión da solicitude e restante documentación e xustificación do proxecto.

### 9º. COLABORACION DO CONCELLO COA VIAXE DE ESTUDOS DOS ALUMNOS DE 6º DE PRIMARIA DO CEIP RAUL FERNANDEZ,

O Sr. Alcalde pasa a dar conta aos presentes dun escrito de data **15.05.2025** que presenta o **CEIP** Plurilingüe Raúl Fernández de Castrelo do Val, no que se **expón** que os **sete** alumnos de sexto curso de primaria, xunto con dous profesores, realizarán unha **viaxe de estudos** a Madrid os vindeiros días **28 e 29 de maio de 2025**, cun custo global de ao redor de 2.000,00 euros; e no que se **solicita** a colaboración económica do concello para **sufragar parcialmente** dito custo.

Polo que:

Ao considerar que a actividade académica proposta polo CEIP para os seus alumnos resulta beneficiosa para a súa formación e redonda nun beneficio xeral para un sector da poboación en idade escolar e, xa que logo, coincide có interese e competencia municipal en materia de "*participación na programación da educación e a cooperación coa administración educativa*" recollida no **artigo 80.2 ñ)** da **Lei 5/1997**, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ao ter en conta que de acordo co primeiro párrafo do devandito artigo **artigo 80** da **Lei 5/1997**, "*o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e promover todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.*"

A Xunta de Goberno **ACORDA:**

**Asumir** a cantidade de **261,00 euros**, correspondente aos **billetes de tren de ida a Madrid** (29,00 x 9 = 261,00 euros) do custo da viaxe de estudos descrita, con cargo á partida do orzamento municipal vixente adicada a gastos de actividades culturais, deportivas e de fomento do turismo, tempo libre e lecer.

### 10º. TRASLADO DE ALUMNOS DO CEIP RAUL FERNANDEZ, DE CASTRELO DO VAL.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Seguidamente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

Asignar a cantidade de **1.680,00 euros** para axuda de transporte escolar dos alumnos do CEIP Raúl Fernández de Castredo Val.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

